

As Mariás vólvense reunir coa concelleira

O pasado 28 de outubro fomos convocadas pola Concelleira María Pardo a unha nova xuntanza no Consistorio. Aínda que a secretaria da Concelleira non semellaba ter moi claro o obxectivo da reunión, a pesares de que llo preguntamos e de que a cita foi removida de data en máis dunha ocasión, demos por feito que un dos temas da reunión sería sen dúbida o Proxecto Urbana Norte do que non tiñamos novas dende a presentación do mesmo no Auditorio de Galicia. Lembra que esta Concelleira informara naquela convocatoria, á que tamén asistiu o alcalde, de que as obras comezarían en xullo de 2013.

A día de hoxe a única mostra de "supervivencia" do proxecto foi a colocación dunha caseta fronte a igrexa de Pastoriza que, aínda que algún veciño se empeñara en dicir que era para as obras, resultou ser un moderno quiosque no que uns mozos, contratados ao efecto, proporcionarían información práctica e aconsellarían á veciñanza sobre "Emprendemento".

Volvendo ao caso, a pesares da falla de concreción nos temas obxecto deste encontro, dirixímonos á casa do Concello equipadas coas solicitudes de mellora que reiteradamente vimos reclamando ante as diferentes Corporacións e Concellarías, pero tamén



con novas propostas e demandas de actuación para o noso barrio. Quedamos perplejas cando a Concelleira nos preguntou para que estabamos alí. Mirámonos incrédulas e contestámoslle que, dado que a convocatoria partira da Concellería, debería ser a propia Concelleira quen indicara para que quería falar con nós. Ante tal falla de iniciativa, non dubidamos en esgrimir os correos electrónicos que enviamos no seu día e en reiterar as demandas xa realizadas en anteriores xuntanzas cos representantes municipais, neste caso con María Castelao e Albino Vázquez. Xa daquela faláramos e achegáramos fotografías para demostrar o lamentable estado no que se atopa a recentemente reformada Rúa do Espírito Santo e puxemos de manifesto a importancia

de aproveitar que a obra estaba en garantía para reparar os destrozos, tamén nos queixamos daquela sobre as canalizacións de pluviais e alcantarillado e dos problemas que as filtracións están a ocasionar en determinadas vivendas e das molladuras que sufrimos cada vez que chove e os carros nos empapan ao pasar pola carencia, obstrución e desaparición rexistros para pluviais, tamén daquela falamos da elevada velocidade

coa que vehículos e autobuses atravesan Basquiños e da necesidade de poñer algún paso elevado, e tamén criticamos a escaseza de colectores para o lixo, dos problemas de mobilidades, dos luminosos que hai anos que non se utilizan e que continúan afeando as nosas beirarrúas, da falta de reposición do arborado ou da ausencia de flor de temporada. En definitiva, demandas que veñen de vello pero non por iso esquecidas da nosa lista de prioridades. Desgraciadamente a resposta da Concelleira María Pardo non nos sorprendeu porque os seus argumentos xa foron esgrimidos por concelleiras e concelleiros que a precederon: "Non sabía das vosas solicitudes", "ese tema non é agora da miña competencia", "tomamos nota e xa preguntaremos sobre isto", "levo pouco tempo no cargo".

En definitiva, escusas que nos demostran o escaso interese en analizar, procurar e priorizar solucións aos problemas e dificultades cos que convivimos no día a día do noso barrio; escusas que demostran unha falla de compromiso coa veciñanza e co cargo que desempeñan e nos obrigan a demandar dos representantes do goberno municipal responsabilidade e respecto cara as encomendas para as que foron elixidos e tamén cara as organizacións veciñais que traballan de xeito comprometido e sen ánimo de lucro pola mellora dos barrios.

"Non sabía das vosas solicitudes", "ese tema non é agora da miña competencia", "tomamos nota e xa preguntaremos sobre isto", "levo pouco tempo no cargo"

Onde a auga (non) é arte

Xa nin lembramos a súa orixe. Temos a seguridade de que hai máis de dez anos que nalgunhas casas do noso barrio, sobre todo na contorna de Santa Clara, a auga **hai moito tempo que deixou de ser arte**, como disque adoita ser na nosa cidade, **para converterse nun serio problema**. E dicimos a auga, que non a chuvia.

Os desaugues, os sumidoiros... en definitiva, o que se dá en chamar saneamento, vai moi vello. Os operarios do servizo municipal de augas, que xestiona a empresa que todas e todos coñecemos como Aquagest -agora chamada Viaqua-, visitaron estas vivendas en numerosas ocasións. Nalgunhas delas introduciron unha cámara pola rede de sumidoiros e sempre toparon algún buraco que foi conve-

nientemente tapado. Pero nin así.

A experiencia destes anos permítenos facer un bosquejo do que acontece: as canalizacións son vellas e ademais, estreitas, e non dan feito cando a auga se acumula. Esta auga en abundancia foi, tras tanto tempo, trazando o seu propio camiño que inclúe os baixos dalgunhas casas, cuxos muros, sempre húmidos, poden chegar a ser un serio problema de seguridade. Vivimos xa sobre unha balsa?

O diagnóstico está claro, tanto por parte da veciñanza como por parte da empresa concesionaria, a mesma que puntualmente cobra o recibo de saneamento cada dous meses. "Mentres o Concello non dea orde de arranxo, a empresa non actúa", resumen. Esa

orde non dá chegado e, cando semellaba que o ía facer -coas obras incluídas no programa Urbana Norte-, os responsables municipais decidiron que quedaría para máis adiante.

Esa demora, se cadra, si que é unha arte. Ou se cadra, é outra cosa. Iso é, cando menos, o que nos levan a pensar as novas sobre a operación **Pokémon** que, como a auga dos sumidoiros, nos inundan estes días. Nunha delas, publicada no xornal Praza Pública, contámonos que o Goberno municipal xa se preocupou por un "problema" coa auga no barrio. Concretamente, o das relixiosas do convento de Santa Clara, que pola pouco divina intercesión do anterior alcalde, Gerardo Conde Roa, seica non pagan a factura de Aquagest. Cuestión de prioridades.

Desexos para facermos un bo ano

Pasaron o Nadal e o aninovo e polo barrio pasaron tamén, apesar da crise, os días nos que moitas e moitos de nós recibimos algún agasallo. Despois das datas festivas e algunha que outra paparota todo se volve poñer en marcha e decatámonos de que, aínda que fomos bastante boas e bos, hai cousas que o Apalpador e os Reis Magos non nos poden traer. Por iso, reciclamos parte das cartas que lles enviáramos e incluímos nunha nova listaxe que tamén é acaída para estas datas: a dos propósitos e bos desexos para o novo ano. Escribímoslas nestas páxinas para que as poida ler quen queira. Se cadra, mesmo chegan a ecoar no Concello.

Como dicíamos, este é un barrio de xente boiña e por iso, ao longo de 2013, fomos informando quen nos goberna desas pequenas cousas que se poden solucionar cun chisco de interese e outro tanto de boa vontade. Tivemos, por exemplo, un punto de luz que tornou en punto de escuridade á altura do número 10 de Basquiños, bolardos e lousas fóra do seu sitio no Espírito Santo ou beirarrúas en mal estado entre Santa Clara e Coímbra. Mesmo o Apalpador se decatou ao pasear polas nosas rúas.

No inicio do 2014 facemos memoria e, ademais de lembrar esas reclamacións, veñen ao maxín da veciñanza outras materias pendentes. En Santa Clara hai un xardín por amañar e na avenida de Salamanca había unha acacia que marchou e non volveu. Que felices nos faría ver florecer esas zonas do barrio e tamén algunhas outras; ou non sería bonito ver que na primavera agroman as flores en xardineiras colocadas polos Basquiños adiante? E se na contorna da Praza de Ulteira se puidesen crear pequenos xardíns? A veciñanza estaría encantada de colaborar!

Todos estes desexos témolos entre mans encanto agardamos polo comezo das obras que o Concello nos anunciou a mediados do 2013 e que van moi devagar, tanto que aínda nin comezaron. Se cadra, esta demora serve para que, cando se realicen, a esquina da Travesa dos Basquiños estea tamén un chisco máis amañada. Postas a imaxinar, que bonito sería que os traballos se reformulen para amplialos e atallar tamén o problema das enchentes de auga en Santa Clara.

Son, como vos dicíamos, desexos e bos propósitos que compartimos como primeiro paso para que se poidan facer realidade. **Porque os anos non son bos nin malos, diso encárganse as persoas.**



As caveiras dum cura e um rei.

É muito habitual que ao pasear pola nossa cidade reparamos em portas, muros ou prédios com algum detalhe singular. Umha inscriçom, um detalhe esculpido ou qualquer outro elemento fora do comum chama a nossa atençom por uns instantes e fai que nos perguntemos por qué está tal cousa aí posta, mas de seguido continuamos o noso caminho e essa pergunta fica esquecida sem resposta.

No nosso bairro temos vários exemplos desse tipo de espaços e alguns deles som bem rechamantes.

Desta volta vamos prestar atençom à porta que se abre no muro anexo à Igreja da Pastoriça. Umha porta sobre a qual alguém colocou um friso onde se esculpirom as caveiras dum cura e um rei que parecem olhar para nós quando aguardamos na paragem do autocarro, atravessamos pola passareira de peons ou simplesmente passamos a andar por diante delas.

Por trás dessa porta ficam os restos do que foi o antigo cemitério da Pastoriça. Um lugar de enterramento que tem a sua origem nos inícios do século XIX, quando as autoridades decidírom fazer efectiva a proibicòm do antigo costume de enterrar os mortos dentro das igrejas da cidade ou na Praça da Quintá.

Os governos municipais daquela altura, em plena sintonia com as mais renovadoras tendências do higienismo ilustrado, considerárom que os enterramentos em espaços continuamente transitados eram um foco de doenças (nom sem falta de razom). Por isso optárom, como medida provisória enquanto nom se construía um grande cemitério geral para a cidade, por levar os enterramentos a espaços abertos situados fora do recinto amuralhado da cidade.

Um dos espaços designados para tal fim, como se recolhe numha circular da alcaldia compostelana de 20 de Dezembro de 1813, foi o terreno anexo à capela de Nossa Senhora da Pastoriça que já vinha funcionando como lugar de enterramento desde começos do XVIII. Nele enterrariam-se principalmente os fregueses da ampla paróquia de Sam Miguel dos Agros a que pertencia.

Mas o campo-santo da Pastoriça nom funcionou só como cemitério paroquial. As autoridades designárom-no também como cemitério de "ajusticados", polo que acolheu nos seus túmulos os condenados a morte executados por aquele entom na nossa cidade.

Entre os penados que aqui recebem sepultura destaca a figura do coengocardeal Francisco Maria de Gorostidi, membro do cabido catedralício e líder dumha partida de guerrilheiros durante a primeira guerra carlista, fusilado no antigo quartel de Santa Isabel o 16 de Maio de 1836.

O facto de ser o lugar de enterramento dum destacado dirigente do carlismo e doutros 58 correligionários que partilhárom o seu mesmo final, fijo deste cemitério e capela um lugar preferente para que os carlismo tradicionalista desenvolvesse homenagens na memória dos seus "mártires".

Seguindo as referências de hemeroteca o cemitério continuou funcionando durante a maior parte do século XIX mas nos finais deste século deveu ser clausurado, ainda que desconheçemos a data exacta.

Desde entom a sua velha funçom foi paulatinamente esquecida, apenas lembrada polos carlistas que celebram umha missa anual perante a surpresa ou indiferença da gente que mora na sua proximidade.



Mas se os bares estão cheios? A crise afectará no bairro?

Dia a dia passeamos pela nossa zona e vemos os bares e restaurantes cheios, ofertas culturais onde o preço sobe como a costa de janeiro... Com estas premissas parece que a crise não tem tanto impacto à nossa volta, mas oculta-se o facto de que a recessão não supõe uma súbita desapareção da riqueza social, senão que pouco a pouco e em voz baixa, passamos do estado do bem-estar ao da beneficência.

Esquecemos pensar no que supõe para a maioria de nós ceiar fora, ir aos copos ou a um concerto. A maioria social, as que fomos despedidas ou temos família que depende de nós, temos, no melhor dos casos, que escolher e privar-nos de muitas coisas para poder manter uma vida social que a nível económico nos é privada.

Pode que esse bar esteja cheio, mas quanta gente que está dentro escolheu entre o bar e outra coisa que queria ou precisava? Não o sabemos, pois obrigam-nos a sofrer uma crise em várias direcções. Cortam-nos e deterioram a forma de vida que nos disseram que era a adequada: por um lado não nos pagam o salário, sobem-nos as facturas e deixam-nos sem recursos económicos; por outro lado bombardeiam-nos com que temos que consumir: é Reis, são as rebaixas, oferta-oferta!!!, o dia da mãe!!!! Ensinaram-nos que a qualidade de vida é comprar e ter, ainda que realmente não necessitemos todo o que nos vendem. Na sociedade de consumo é difícil sair da norma, ainda que dia a dia, despedimento a despe-

dimento, nos botem a golpes.

Quando começou a crise nos meios de comunicação dizia-se-nos que vivíamos por cima das nossas possibilidades. Certo foi que muitas nos acostumamos a um nível de vida sem misérias onde tínhamos um teito para dormir e, pelo menos, um prato que comer ao dia. Mas também é certo que neste tempo de bonança inculcáramos que o modo correcto de viver como „cidadãos de bem“ era ter uma casa própria (os bancos davam todas as facilidades para que isto fosse possível e escondiam a letra pequena entre os doces que ofertavam nas mesas dos seus gabinetes), um telemóvel de última geração, um televisor de plasma

quanto maior melhor, vários carros, roupa cara, muitos produtos de beleza para estarmos tão lindas como as retocadas com o photoshop, etc., etc.

Isto foi assim para a maioria, para muita gente mas não para toda. Muito perto do

bairro, na dársena de João XXIII, até há pouco dormiam pessoas. Pessoas que foram expulsas já da vida social, elas não escolhem. Dormiam abrigadas numa dársena e o governo municipal decidiu fazer maceteiros. Pôr terra no assunto, olhar para outro lado.. são as soluções que dão os governos, mas o abuso contra a maioria cresce dia a dia e muitas de nós sofremos, pode que em si-

lêncio, hipotecas, rendas, congelamentos de salários, iva's, subas de facturas....problemas para subsistir...

Mas esta crise não só está a gerar vítimas, também permitiu destapar casos de corrupção como o das preferentes ou a operação pokémon. Como pode ser que se nos pida às cidadãs que cortemos os nossos gastos e nos envergonhemos acusadas de termos derrochado, enquanto os que gerem o nosso dinheiro e os nossos governantes eludem os impostos e gozam de impunidade legal?

É claro e está diante de nós, ou talvez ao nosso lado. Os efeitos da crise produzem cenários complicados. Mas é hora de desfazer-nos desta vergonha e desta culpa imposta e combater esta situação colectivamente. Nas Marias, uma humilde associação de vizinhas, queremos visibilizar estes abusos para tecer rede de apoio entre a vizinhança, para vermos que somos muitas as que sofremos, para não estarmos sós. Confiamos em que as alianças sociais construídas desde baixo conseguem que a gente olhe com enfado para cima e com confiança para os lados. Juntas fazemos bairro e juntas e com apoio, manteremo-nos nele.

Juntas fazemos bairro e juntas e com apoio, manteremo-nos nele.



AS CELEBRACIÓNS DO 2013



Festa do Carme



Sardiñada



Festas da rúa



Magosto

“San Caetano xa pasou, Pastoriza logo ven, deixa vir o día 8 que é o conto que nos ten”

Non podía ser de outra maneira, así tiña que chamarse o video que tan ben fixo Adriana para as festas de este ano, aínda que se escoitamos os seus protagonistas ben podería titularse *Aqueles maravillosos anos!!*, como se dun filme de Berlanga estivésemos a falar; que ben o fixeron os veciños e veciñas da Rúa de Abaixo. Para quen non o desfrutase aínda, está na nosa páxina web: avasmarias.org

Agradecementos a: Julia e Ricardo Villaverde, Pepe Castro, Maruja Silva, Maruja Cea, Dolores Cobos, Patricia Carollo, Carmela Pérez, Loli Reboredo, Carmiña Esconde e Gelines Figueiras.



Contacta connosco

Se queres mellorar o noso barrio se téés intereses que compartir coa veciñanza, se che gusta participar das festas e tradicións, se cres que varias cabezas pensan máis e mellor ca unha...

CONTACTA CONNOSCO

Por correo electrónico: a.v.asmarias@gmail.com

Deixa na web os teus comentarios: <http://avasmarias.org>
<http://facebook.com/AsMariasAsociacionVecinhal>

Ou localízanos a través de:

Cafe Bar TRECE

R/ Santa Clara, 13

C.S. O Pichel

R/ Santa Clara, 21